

Lei 8/1994, do 30 de decembro, de creación do Instituto Galego de Consumo

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núms. 20, do 3.2.1994, e 29, do 18.2.1994.

Emendas á totalidade, BOPG núm. 33, do 2.3.1994.

Emendas ó articulado, BOPG núm. 36, do 5.3.1994.

Debate de totalidade, DSPG núm. 11, do 8.3.1994.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 155, do 10.11.1994.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 171, do 5.12.1994.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 171, do 5.12.1994.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 42, do 13.12.1994.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 179, do 16.12.1994.

Diario Oficial de Galicia núm. 9, do 13.1.1995.

Boletín Oficial del Estado núm. 38, do 14.2.1995.

Lei 8/1994, do 30 de decembro, de creación do Instituto Galego de Consumo

Pola lei 9/2003. de medidas tributarias e administrativas foi derogado o artigo 9 e modificado o artigo 3.

Na nosa sociedade é cada vez máis necesaria a información ó consumidor e usuario, para que coñeza os seus dereitos e deberes e poida exercelos con máis responsabilidade e saiba defendelos.

Nunha sociedade avanzada, moderna e solidaria é necesario que exista unha correcta formación e unha adecuada educación ó consumidor como forma de esperta-lo seu espírito crítico, para ser libre nas distintas maneiras de acceso ó mercado. É necesaria, tamén, a súa formación no transcurso da vida, para que as circunstancias que poidan afecta-los dereitos ante a seguridade, saúde e intereses económicos sexan recoñecidas.

Co fin de estudia-los mecanismos e hábitos do consumo nesta Comunidade e de dirixir con eficacia os esforzos encamiñados á orientación dos consumidores e usuarios, fomentando a presenza destes nos distintos ámbitos sociais, créase o Instituto Galego de Consumo como organismo autónomo daquela Consellería da Xunta de Galicia que teña as competencias en materia de consumo, co labor fundamental de facer

coñece-los dereitos dos consumidores e usuarios, co fin de que estes sexan tidos en conta e respectados por tódolos que están formando parte dunha economía de mercado.

O Instituto Galego de Consumo exercerá un conxunto de funcións específicas que contribúan á defensa do consumidor e usuario en Galicia, protexendo os seus intereses mediante procedementos eficaces, tal como sinala o artigo 51 da Constitución, en exercicio das competencias que lle veñen atribuídas polo artigo 30.I.4 do Estatuto de autonomía de Galicia e oídos o Consello Galego de Consumo e as asociacións de consumidores e usuarios de Galicia.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de creación do Instituto Galego de Consumo.

Artigo 1

1. Créase o Instituto Galego de Consumo como organismo autó-

nomo de carácter administrativo adscrito organicamente á Consellería que teña as competencias en materia de consumo.

2. O Instituto Galego de Consumo é unha entidade de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio de seu, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins, e que se rexerá pola presente lei, pola normativa autonómica que lle sexa aplicable e pola reguladora das entidades autónomas.

Artigo 2

O Instituto Galego de Consumo terá a súa sede en Santiago de Compostela, e poderá crear oficinas e desenvolve-las súas actividades noutras localidades de Galicia.

Artigo 3

O Instituto terá os seguintes fins:

a) Orientar, formar e informar aos consumidores e usuarios sobre os seus dereitos e a forma de exercelos e de difundir o seu coñecemento, co fin de que sexan tidos en conta e respectados por todos aqueles que interveñan no mercado e por aqueles ós que poida afectar directa ou indirectamente en relación cos bens e servizos.

b) Potenciar o establecemento e desenvolvemento das organizacións de consumidores e usuarios e asesoralas tecnicamente.

c) Promover e levar a cabo os estudos que permitan unha ade-

cuada prognose da problemática do consumo, así como levar a cabo ensaios comparativos, análises de laboratorio e, en xeral, tódolos procedementos técnicos que se precisen para o mellor coñecemento dos bens, produtos e servizos que se lle oferten ó consumidor e usuario.

d) Elaborar e difundir información para facilitarlle ós consumidores e usuarios a elección, con criterios de racionalidade, dos bens, produtos e servizos xenéricos máis adecuados ás súas necesidades.

e) Impulsar a formación do cidadán como consumidor e usuario, propoñéndolles ós organismos competentes a adopción de programas de educación para o consumo nos distintos graos do ensino e realiza-las actuacións necesarias para asegurar que a dita formación sexa permanente.

f) Asesorar a Xunta de Galicia no desenvolvemento da normativa de todos aqueles aspectos que afecten ou poidan afectar aos consumidores e usuarios, promovendo a elaboración de normas para a súa defensa, achegándolle a información necesaria a este fin.

g) Cooperar coas administracións públicas, atendendo de xeito especial as oficinas municipais de información ó consumidor con aquelas outras entidades de semellante ámbito competencial, por supoñer-lle o servizo máis próximo ó

cidadán e coordina-las súas actuacións coas dos concellos.

h) Asesorar tecnicamente as oficinas de información ó consumidor e usuario da Administración local e colaborar con elas.

i) Poñer en coñecemento dos organismos competentes da Administración propostas e iniciativas en relación coas funcións e competencias do Instituto.

j) Exerce-los demais fins que se lle encomenden, na súa función de protección do consumidor e usuario.

Artigo 4

Os órganos de goberno do Instituto Galego de Consumo son:

- a) O Consello de Dirección.
- b) O presidente.

Artigo 5

1. O Consello de Dirección estará constituído por un presidente e por vocais representantes da Administración autonómica, da Administración local, das organizacións representantes dos consumidores e usuarios e das cámaras de comercio, na forma e no número que regulamentariamente se determinen.

2. O presidente do Instituto Galego de Consumo será designado polo conselleiro competente en materia de consumo.

3. Os vocais serán designados polo conselleiro que teña as com-

petencias en materia de consumo, por proposta dos órganos ou das entidades que representen.

4. O Consello de Dirección contará, ademais, cun secretario, con voz e sen voto, que redactará e custodiará as actas e que se encargará do despacho dos asuntos daquel, co visto e prace do presidente.

Artigo 6

1. Serán funcións do Consello de Dirección:

a) Aproba-lo regulamento de réxime interior.

b) Aproba-las liñas xerais de actuación do Instituto.

c) Aproba-los plans e programas de actuación.

d) Autoriza-la subscripción de convenios para a aplicación dos programas.

e) Formular propostas e recomendacións sobre cuestións de consumo en relación con outros organismos e entidades.

f) Aproba-los anteproxectos de presupostos e elevarllos á Consellería que teña as competencias en materia de consumo.

g) Aproba-las contas e a memoria anual.

2. O Consello de Dirección poderá delega-las funcións previstas nos apartados c), d) e e) do número anterior nunha Comisión executiva, que se constituirá nos

termos que regulamentariamente se determinen.

Artigo 7

Serán funcións do presidente do Instituto Galego de Consumo:

- a) Representa-lo Instituto.
- b) Presidir e convoca-lo Consello de Dirección.
- c) Dirixi-lo Instituto e facer cumprir e executa-los acordos do Consello de Dirección.
- d) Impulsar e supervisa-las actuacións do organismo e das súas comisións e ponencias.
- e) Atender e canaliza-las propostas e peticións das organizacións de consumidores e usuarios e velar pola súa adecuada tramitación.
- f) Ordena-los pagamentos.
- g) Propoñerlle ó Consello de Dirección os plans xerais e os programas de actuacións, así como os convenios de colaboración e cooperación que sexa preciso establecer con outros organismos e entidades.
- h) Exerce-la dirección superior do persoal.
- i) Exercer calquera outra función, non reservada expresamente a outros órganos da Xunta, en materia propia do Instituto.

Artigo 8

1. Por proposta do presidente, o Consello de Dirección do Instituto

Galego de Consumo designará un xerente, que terá as seguintes funcións:

- a) Dirixi-la administración e o persoal do Instituto.
- b) Administrar e xestiona-los recursos económicos.
- c) Elabora-los anteproxectos dos presupostos, as contas e a memoria anual das actividades do Instituto.
- d) As demais funcións que lle delegue o presidente e lle encargue o Consello de Dirección.

2. O xerente asistirá ás reunións do Consello de Dirección con voz pero sen voto.

Artigo 9

Para o cumprimento dos seus fins, o Instituto Galego de Consumo dispoñerá dos seguintes medios económicos:

1.— Recursos ordinarios:

1.1.— As cantidades que se lle asignen nos presupostos da Comunidade Autónoma.

1.2.— Os bens e valores que constitúen o seu propio patrimonio e os rendementos deste.

2.— Recursos extraordinarios:

2.1.— As subvencións oficiais e as achegas ou contribucións doutros organismos, entidades ou particulares.

2.2.— As contraprestacións que poida percibir de convenios que

subscriba e polas actividades do Instituto.

2.3.— Os ingresos percibidos en concepto de taxas e prezos públicos ou privados.

2.4.— O rendemento de publicacións, estudos, cursos e outras actividades atribuídas ó Instituto.

3.— Outros ingresos ordinarios e/ou extraordinarios que o Instituto estea autorizado a percibir, de acordo coas disposicións vixentes.

Artigo 10

O presuposto para o desenvolvemento do Instituto Galego de Consumo elaborárase anualmente con suxeición ó preceptuado na materia para os organismos autónomos administrativos pola Lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e presupostario de Galicia, e polas demais normas que a complementen ou desenvolvan.

Artigo 11

1. O Instituto deberá estruturarse adecuadamente para atender, como mínimo, as seguintes áreas operativas:

a) Estudos e asistencia técnica e xurídica.

b) Orientación, información, formación e educación dos consumidores e usuarios.

c) Documentación, publicacións e difusión.

e) Administración e rexistro de entidades.

d) Relacións con organismos e entidades.

2. O Instituto poderá crear, no seu seo, por acordo do Consello de Dirección, comisións e ponencias que teñan como finalidade o estudo das cuestións relacionadas coa produción, distribución e prestación de servizos ós consumidores e usuarios, e estas estarán integradas por representantes da Administración, dos sectores correspondentes e das organizacións representantes dos consumidores e usuarios.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas todas aquelas disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ó disposto na presente lei.

Disposición derradeira primeira

O Consello da Xunta de Galicia adoptará cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento da presente lei.

Disposición derradeira segunda

Esta lei entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 1994

Manuel Fraga Iribarne
Presidente